

## PASADO E PRESENTE DAS ARTISTAS O CONTEXTO GALEGO

Nas últimas tres décadas, emerxeron en Galicia un importante número de institucións artísticas. Entre elas, a Facultade de Belas Artes de Pontevedra que, desde que inicia a súa andaina en 1990, conta cunha elevada porcentaxe de alumnas. Na actualidade, acadan o 70% do alumnado.

Paralelamente, desde finais dos 80, véñense realizando mostras para visibilizar o traballo das artistas e apoiar a súa difusión. Desde a investigación, téñense publicado estudos sobre o lugar da muller no campo da arte e, desde a estrutura universitaria, desenvóléronse accións formativas e creáronse instancias para promover a igualdade entre os xéneros.

Doutra banda, o traballo desenvolvido polas artistas introduciu importantes novidades nas artes visuais, contribuíndo a enriquecer e ampliar a noción de arte, así como mudando a percepción que se tiña respecto da produción artística das mulleres.

Con todo, contrasta o feito de que as artistas, a día de hoxe, non ingresan e permanecen no campo da arte, nen acadan o recoñecemento en condicións de igualdade. A súa presenza en museos e galerías, ou a obtención de bolsas e premios de creación continua a ser moi inferior á dos artistas, sexa no contexto galego ou máis aló.

Desde estes encontros, preténdese promover a reflexión, o intercambio de experiencias e a apertura dun debate ao redor destas cuestións. Atendendo máis especificamente ao contexto galego e facéndoo da man dalgunhas das súas protagonistas nos eidos da investigación, da crítica, do comisariado e da produción artística.

Revisaranse as formulacións feministas integradas na propia práctica artística, así como as accións e estratexias desenvolvidas para paliar o androcentrismo e promover o traballo das artistas, examinando a súa repercusión e os seus resultados.

Xa é tempo de reflexionar sobre a situación das artistas e facer un primeiro balance do estado da cuestión no contexto galego, atendendo ao pasado e ao presente, localizando mudanzas e persistencias e abrindo vías para deliñar o futuro.

### PROGRAMA

15 de Maio

18:00 horas

*Estratexias feministas nas artes visuais*  
**Anxela Caramés**

Nada en Santiago de Compostela, 1977. Licenciada en Historia da Arte, comisaria e crítica de arte. Como investigadora en artes visuais e feminismos ten publicado artigos, comisariado intervencións artísticas (*Xogo de damas, Desnudas*) e exposicións (*Ensambladet*), organizado xornadas de conferencias (*Subxectividades críticas/narrativas identitarias, Contra vento e marea*) e ciclos de vídeo (*Muartech, Suxeitos emerxentes*). Forma parte dos proxectos *Contenedor de feminismos* e *M-Artech*.

19:30 horas

*!Women Art Revolution*  
**Lynn Hershman Leeson, 2010**  
Dvd, color, 83', VOSE\*

Nada en Cleveland, Ohio, 1941. Artista e cineasta. Neste documental explora a historia da arte feminista a través de conversacións, observacións, material de arquivo e traballos de artistas, historiadoras, comisarias e críticas. Desde a loita polos dereitos civís e as protestas contra a guerra nos 60, móstrase como a tenacidade e a valentía destas artistas pioneiras terminou nun dos movementos artísticos máis significativos de finais do século XX.

Debate

16 de Maio

18:00 horas

*Exposicións de mulleres en Galicia: apuntes para a reflexión*  
**Chus Martínez Domínguez**

Nada en Tui, 1976. Licenciada en Historia da Arte, crítica de arte e comisaria. Participou no proxecto *Álbum de Mulleres* do Consello da Cultura Galega. Ten publicado ensaios de investigación histórica sobre a muller e comisariado -xunto a Xosé Manuel Lens- as exposicións *Fisuras no cotián. 9 narradoras no relato da violencia* (Casa da Parra, 2007) e *Marxes e Mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, 2008).

19:30 horas

*Tres artistas, tres xeracións*  
**Pamen Pereira, Montse Rego, Victoria Diehl**

Artistas das tres últimas xeracións -Pamen Pereira (Ferrol, 1963), Montse Rego (Lugo, 1969) e Victoria Diehl (A Coruña, 1978)- teñen unha ampla traxectoria profesional no campo da arte, participando en proxectos e exposicións tanto no contexto galego como no exterior. As tres artistas participaron na exposición *Marxes e Mapas. A creación de xénero en Galicia*, celebrada no Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2008.

Debate

#### Organizan e coordinan

Almudena Fernández Fariña  
Mar Caldas

#### Financia

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo

#### Admisión

A admisión é gratuíta.  
Número de prazas limitado ao aforo.  
Pode solicitarse diploma acreditativo de asistencia aos encontros.  
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

#### Lugar

Casa das Campás  
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra  
Rúa Don Filiberto 9-11  
36002 Pontevedra  
T. 986 80 20 80  
casadascampas@uvigo.es

#### Financia

Unidade de Igualdade  
Edificio CACTI. Campus universitario  
36310 Vigo  
T. 986 813 419  
igualdade@uvigo.es

#### Colabora

Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo



## PASADO E PRESENTE DAS ARTISTAS

O CONTEXTO GALEGO

15 e 16 de Maio de 2012 Casa das Campás, Pontevedra